

Caderno da crítica

Literatura galega: de todo un pouco; ás veces tamén opinións. Blogue de Ramón Nicolás

Cairón. Boletín do Instituto de Estudos Ulloáns

Un amigo faime chegar a terceira entrega de *Cairón. Boletín do Instituto de Estudos Ulloáns* que se presentou esta semana pasada nun acto en terras de Monterroso.

Descoñecía as dúas entregas anteriores pero é doado deducir que esta é unhas das publicacións, no seu xénero, máis salientables das que agora se editan entre nós. Coordinada polo xornalista e poeta Daniel Salgado ofrece, loxicamente, estudos e análises que espellan a realidade da comarca da Ulloa como son os artigos que reparan na historia do Casino de Monterroso ou a proclamación da República neste concello a cargo, respectivamente, de Jesús Otero Pereira e de Fernando Salgado. Incorpóranse ao mesmo tempo análises sobre esa iniciativa dinamizadora da cultura rural chamada *Son d'Aldea*, arredor da pegada xacobea na Ulloa, sobre a liñaxe de María da Ulloa ou dúas achegas non menos interesantes como son as que versan sobre as singularidades que presenta o románico monterresino da man do escritor Xosé Lois García ou o estudo, ao meu xuízo relevante e clarificador, que incorpora o profesor Alonso Montero sobre o avogado e político galego *Amando Losada*: un lingüista apreciable e, case ata hoxe, descoñecido, penso que de elevado interese para amantes da filloxía galega e non só. Non esquezo tampouco a colaboración que realiza Patricia Arias Chachero sobre os artigos de Amadeo Varela na revista *Nós*: revista da que en poucos meses se debería celebrar o centenario da súa primeira entrega.

Colaboracións literarias que chegan dos escritores Toño Núñez e Fernando García Penas poñen o ramo a unha publicación periódica de inspiración local mais, sen dúbida, de inequívoca proxección galega á que lle desexamos longa vida.

AdChoices

PUBLICIDAD




Advertisements

AUTOMATTIC

We're hiring
backend developers.
Join us!

APPLY



REPORT THIS AD

Monetize your
WordPress blog!

WordAds

LEARN MORE

REPORT THIS AD

Esta entrada foi publicada o 21 Marzo 2019 por Ramón Nicolás en Divulgación, Revista Cairón. Boletín do Instituto de Estudos Ulloáns, Daniel Salgado.

<https://wp.me/p1a3c5-5Zp>

[Artigo anterior](#)

[Artigo seguinte](#)

[Blog en WordPress.com.](#)

Barcelona
París

107 €

Reserva ya

Precio final ida y vuelta

REPORT THIS AD